

## ÍNDICE DE CONTIDOS

---

1. [X Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos](#)
2. [12 de maio, Día Internacional das Mulleres Matemáticas](#)
3. [Ferramentas web para visualización e predición na crise do coronavirus desenvolvidas](#)
  - a. [na UDC,](#)
  - b. [na USC \(Modestya e StatGroup\)](#)
  - c. [e pola Johns Hopkins University](#)
4. [Premios Fundación BBVA Fronteiras do Coñecemento](#)
5. [Cursos en liña de estatística do Centre for Applied Statistics Courses \(UK\)](#)
6. [Curso “Cuentas Nacionales. La Contabilidad Nacional en España”](#)
7. [Oferta de traballo \(ITMATI-OT-05/2020.\) no proxecto “Desenvolvemento dun sistema de xestión avanzado para un pack de baterías para almacenamento estacionario de enerxía”](#)
8. [Oferta de traballo IRBLleida](#)
9. [Oferta para doutor en estatística na Universidade do Minho](#)

## 1.- X Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos

A Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e a Investigación de Operacións (SGAPEIO) ten aberta a convocatoria do [X Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos](#), organizado para estudantes de ESO, Bacharelato, FP básica e Ciclos Formativos de Grao Medio no curso 2019-2020. Con esta iniciativa académica preténdese que o estudiantado se inicie no campo da Estatística e as súas aplicacións, tan útiles na Sociedade da Información na que vivimos.

Desde a SGAPEIO queremos salientar que, debido aos condicionantes da actual crise provocada polo COVID-19, se veñen de modificar os prazos de inscrición, entrega de traballos e resolución do concurso segundo se indica no enlace [https://www.sgapeio.es/descargas/formacion/Nota\\_Bases\\_X\\_Incubadora.pdf](https://www.sgapeio.es/descargas/formacion/Nota_Bases_X_Incubadora.pdf).

### Datos importantes:

- Inscrición de traballos: dende o ~~01 de abril~~ ata o ~~15 de abril~~ 01 de maio ata o 31 de maio de 2020.
- Entrega dos traballos finalizados: dende o ~~16 de abril~~ ata o ~~30 de abril~~ 01 de maio ata o 31 de maio de 2020.
- ~~Do 26 ao 29 de maio de 2020 daranse a coñecer os traballos finalistas e a data de acto de entrega de premios.~~ As datas nas que se coñecerán os traballos finalistas e a data de resolución do concurso fixaranse se é posible en maio.

Máis información en: <https://sgapeio.es/index.php/formacion-e-actividades/premios-3298-x-concurso-incubadora-de-sondaxes-e-experimentos>

## 2.- 12 de maio, Día Internacional das Mulleres Matemáticas

A Comisión de Mulleres e Matemáticas da RSME organizou diversas actividades para conmemorar o 12 de maio, [o Día Internacional das Mulleres Matemáticas](#). As actividades están principalmente destinadas a nenos e mozos, pero que tamén poden participar os adultos.

- Elaboráronse dúas escape rooms virtuais, patrocinadas polo [departamento de Matemáticas](#) e o [grao en matemáticas computacionais](#) da [Escola Superior de Tecnoloxía e Ciencias Experimentais](#) da [Universidade Jaume I](#) de Castellón.

1. [O rescate do mago Omega](#): escape room dixital especialmente indicado para os alumnos dos primeiros anos de primaria.
2. [O corredor do esquecemento recordou](#): escape room dixital especialmente indicado para estudantes de secundaria.

Están dispoñibles para facerse en castelán, catalán e galego.

- Actividades de divulgación para as mulleres matemáticas, en colaboración con [WOMAT](#): [Que lle pedirías a unha investigadora en matemáticas?](#)

### 3.- Cadros de mando e ferramentas web para visualización e predición na crise do COVID-19

---

Seguidamente amósanse unha serie de aplicacións web para describir, resumir, visualizar e predecir as variables críticas que caracterizan á situación provocada pola actual crise do coronavirus.

- O grupo MODESTYA da Universidade de Santiago de Compostela ven de desenvolver unha aplicación web interactiva que prognostica o avance do virus baseándose nos datos da súa evolución durante a quincena previa, facendo predicións do número de casos confirmados de infección ou número de mortes debidas ao COVID-19 para un horizonte temporal de tres días conforme a tres posibles modelos, lineal (FLM), aditivo (FSAM) e non paramétrico (FNP), e para diferentes países ou rexións.

Enlace: <http://modesty.securized.net/covid19prediction/>.

- Os grupos StatGroup-19 de Italia e StatGroup-19-SP, do que forma parte José Ameijeiras e Rosa Crujeiras veñen de desenvolver unha aplicación web interactiva que describe e prognostica a evolución do coronavirus en diferentes países (Béxica, Italia, Portugal, España, entre outros), así coma nas súas respectivas rexións, segundo diversos indicadores como son os casos confirmados, os curados, a ocupación hospitalaria e o número de falecidos.

Enlace: <https://jose-ameijeiras.shinyapps.io/StatGroup-19-SP/>.

- No marco do CITIC da Universidade da Coruña se creou unha completa aplicación web para a caracterización y visualización das variables que definen a crise do coronavirus no conxunto de España e en cada unha das súas CCAA. Os desenvolvedores son Carlos Fernández Lozano e Rubén Fernández Casal, do grupo MODES. As variables estudadas son número de casos, número de recuperados, número de falecementos, número de ingresos en UCI e incidencia acumulada, aportando gráficos interactivos para observar a tendencia acumulada, a dos novos casos e a correspondente á aplicación de logaritmos. A información se resume mediante gráficos de mapas e series de tempo totalmente configurables no rango temporal, por comunidade autónoma e por idade. Esta aplicación proporciona soporte ao plan de Predicción Cooperativa da Acción Matemática contra o coronavirus lanzada desde o CEMat. Actualmente están dispoñibles os resultados das predicións para casos confirmados, novos casos diarios, falecidos, ocupación de UCI e hospitalizados en xeral.

Enlace: <https://covid19.citic.udc.es/>

Aparte dos cadros de mando desenvolvidos por investigadores galegos, cabe tamén destacar:

- A nivel de España, desde un punto de vista descritivo:  
[https://canadasreche.shinyapps.io/dashboard\\_cvirus/](https://canadasreche.shinyapps.io/dashboard_cvirus/)

- A nivel mundial, destaca, entre outros, o cadro de mando COVID-19 Map - Johns Hopkins Coronavirus Resource Center:  
<https://coronavirus.jhu.edu/map.html>

#### **4.- Premios Fundación BBVA Fronteiras do Coñecemento**

Os Premios Fundación BBVA Fronteiras do Coñecemento, cuxa décimo terceira edición convócase agora, recoñecen e incentivan a investigación e creación cultural de excelencia, en especial contribucións de singular impacto pola súa orixinalidade e significado. A denominación destes premios quere denotar tanto o traballo de investigación capaz de ampliar significativamente o ámbito de coñecemento — desprazando cara adiante a fronteira do coñecido— canto o solapamento e a interacción entre diversas áreas disciplinares e a emerxencia de novos campos.

Os Premios Fundación BBVA Fronteiras do Coñecemento desenvólvense coa colaboración do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC).

#### CATEGORÍAS

- Ciencias Básicas (Física, Química, Matemáticas)
- Bioloxía e Biomedicina
- Tecnoloxías da Información e a Comunicación
- Ecoloxía e Bioloxía da Conservación
- Cambio Climático
- Economía, Finanzas e Xestión de Empresas
- Humanidades e Ciencias Sociais
- Música e Ópera

#### DOTACIÓN

A dotación dos Premios Fundación BBVA Fronteiras do Coñecemento é de 400.000 €, un diploma e un símbolo artístico, en cada unha das oito categorías.

#### CANDIDATOS

Os/as candidatos/as serán unha ou máis persoas físicas de calquera nacionalidade, sen límite de número, que realizen achegas independentes ou converxentes a un determinado avance, ben a través de colaboración formal (formando parte dun ou máis equipos), ben de maneira paralela. Poderán tamén ser candidatos organizacións científicas ou culturais ás que poidan atribuírse de maneira agregada contribucións excepcionais nos ámbitos do coñecemento científico, a creación cultural e as actuacións fronte ao cambio climático.

Os premios non poderán outorgarse a título póstumo.

## NOMEAMENTO

Poderán nomear sociedades científicas ou artísticas, centros de I+D, departamentos universitarios ou de hospitais, conservatorios de música, orquestras, axencias públicas, e organizacións científicas, culturais e ambientais, así como outras organizacións e persoas recollidas nas bases.

Información e consultas: [awards-info@fbva.es](mailto:awards-info@fbva.es)

O prazo de nomeamentos finaliza o 30 de xuño de 2020 ás 23 horas GMT.

Máis información e bases completas:

<https://www.premiosfronterasdelconocimiento.es/informacion-e-bases/>

## 5.- Cursos en liña de estatística do Centre for Applied Statistics Courses (UK)

At Os cursos programados polo CASC terán agora lugar en liña ás datas indicadas. Abaixo móstrase unha lista cos cursos ofertados para o mes de maio.

- Intro to Regression Analysis, 11 (\*optional 12) May --- £150 (\*275),  
<https://www.ucl.ac.uk/child-health/events/2020/may/introduction-regression-analysis>
- Sample size estimations and Power calculations, 13 May --- £175  
<https://www.ucl.ac.uk/child-health/events/2020/may/sample-size-estimation-and-power-calculations-excel>
- Intro to Logistic Regression, 15 May --- £150  
<https://www.ucl.ac.uk/child-health/events/2020/mar/introduction-logistic-regression>
- Dealing with Missing Data, 18 May (\*optional 19) --- £150 (£225)  
<https://www.ucl.ac.uk/child-health/events/2020/may/introduction-dealing-missing-data>
- Intro to SPSS evening, 18+19 May --- £200 CASC after dark  
<https://www.ucl.ac.uk/child-health/events/2020/feb/introduction-spss>
- Intro to Survival/Time-to-Event Data Analysis, 27 May --- £150  
<https://www.ucl.ac.uk/child-health/events/2020/may/introduction-survivaltime-event-data-analysis>
- Intro to Meta-Analysis, 1 Jun (\*optional 2) --- £150 (\*£225)  
<https://www.ucl.ac.uk/child-health/events/2020/mar/introduction-meta-analysis>

Proporcionarase materia extenso para todos os cursos, incluíndo exemplos prácticos. O rexistro farase mediante a tenda online.

Máis información en <https://www.ucl.ac.uk/stats-courses> e a través do correo [ich.statscou@ucl.ac.uk](mailto:ich.statscou@ucl.ac.uk)

## 6.- Curso “Cuentas Nacionales. La Contabilidad Nacional en España”

Anúnciase a apertura do prazo de presentación de instancias para o curso EN LIÑA sobre "Cuentas Nacionales. La Contabilidad Nacional en España".

[https://www.ine.es/ine/eeaapp/sem12020cur\\_online02.pdf](https://www.ine.es/ine/eeaapp/sem12020cur_online02.pdf)

O curso está dirixido a persoal de servizos estatísticos e departamentos de análise económica da Administración General del Estado. Analistas e demais usuarios de información económica.

Terá lugar do día 13 de maio ao 8 de xuño de 2020.

O prazo de inscrición estará aberto ata o día 30 de abril de 2020.

Para solicitar o curso e debido ás circunstancias actuais, débense enviar ao correo da escola de estatística: [escuelaestadistica@ine.es](mailto:escuelaestadistica@ine.es), os seguintes datos:

- Asunto: no asunto do correo debe figurar "solicitud curso online Cuentas Nacionales. La Contabilidad Nacional en España".
- Só se poderá solicitar devandito curso previa autorización do superior xerárquico. Por tanto, necesítase o nome e apelidos do superior xerárquico, correo electrónico e teléfono.
- Nome e apelidos do solicitante, DNI, Organismos onde traballa, nome do posto de traballo e Subdirección, nivel e se se é funcionario ou non.
- Correo electrónico do solicitante e teléfono.

## **7.- Oferta de traballo (ITMATI-OT-05/2020.) no proxecto “Desenvolvemento dun sistema de xestión avanzado para un pack de baterías para almacenamento estacionario de enerxía”**

O proxecto: “Desenvolvemento dun sistema de xestión avanzado para un pack de baterías para almacenamento estacionario de enerxía”.

Descrición do posto: 1 contrato a xornada completa como investigador/a para o proxecto de investigación “modelización e simulación numérica de dispositivos de almacenamento de enerxía”, no marco do contrato entre ITMATI (Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial) e unha empresa do sector da enerxía.

Perfís dos candidatos: Licenciados/ as, Enxeñeiros/ as, Graduados/ as, e Másteres relacionados coas Matemáticas, a Física, a Enxeñería e a Informática.

Data límite para o envío de solicitudes: 8 de maio de 2020.

Máis información en <http://www.itmati.com/oferta-de-empleo-itmati-ot-05-2020-proyecto-%E2%80%9Cdesarrollo-de-un-sistema-de-gesti%C3%B3n-avanzado-para-un-pa>

## **8.- Oferta de traballo IRBLleida**

Perfil profesional do/do traballador/para contratado/a:

- Diplomado ou graduado en Ciencias Estatísticas ou Estatística aplicada.
- Diplomado ou graduado en Matemáticas con máster en estatística.

Requisitos e características que han de cumprir:

- Diplomado ou graduado en Ciencias Estatísticas, Estatística aplicada ou Matemáticas con máster en estatística.
- Experiencia en aplicación da Estatística en investigación Biomédica.
- Experiencia en xestión de datos.
- Experiencia co programa R, SPSS e/ou outros programas estatísticos
- Nivel intermedio de inglés, oral e escrito.

#### Tarefas a realizar:

- A persoa contratada integrarase nun equipo de investigación multidisciplinar cuxa actividade se enmarca no estudo ILERVAS-O BUS DA SALUT, estudo aleatorizado lonxitudinal con 8,330 pacientes definidos por un risco cardiovascular baixo-intermedio centrado principalmente en ateromatosis subclínica, enfermidade renal, prediabetes i síndrome metabólico.

#### O investigador realizará as seguintes actividades:

- Xestión e análise avanzado de datos.
- Deseño e análise estatístico.
- Publicación de estudos de investigación.
- Preparación de proxectos de investigación.

#### Valorarase:

- Habilidades de comunicación e capacidade de interacción nunha contorna científica de alto nivel.
- Capacidade de traballar en equipo e de maneira autónoma.
- Experiencia previa en estudos de investigación biomédica.

#### Ofrécese:

- Incorporación Inmediata.
- Xornada completa, flexibilidade horaria.
- Localización: IRBLleida, Lleida. Posibilidade de teletraballo.
- Retribución segundo franxas salariais do IRBLleida (en función do perfil candidato/a).

#### Documentación e prazo de presentación:

- Carta de presentación.
- Currículo Vitae con fotografía recente.
- prazo de presentación, finalizará o día 23 de maio de 2020 a lles 14:00 horas.

Os interesados poden enviar o CV á dirección electrónica [mbermudez@irbllleida.cat](mailto:mbermudez@irbllleida.cat) indicando o nome da oferta á cal vos presentades e a referencia: Oferta de trabajo el bus de la salud.

### **9.- Oferta para doutor en estatística na Universidade do Minho**

Está aberta unha convocatoria internacional (do 24 de abril ao 18 de maio) para contratar a un investigador doutor co obxectivo de levar a cabo actividades de investigación no campo da estatística espacial, dentro do alcance do Proxecto PTDC/MATSTA/28243/2017, "PREFERENTIAL: Improving spatial estimation and survey

design through preferential sampling in fishery and biological applications". Estas actividades incluírán aportacións ao estudo teórico de modelos estatísticos dentro do proxecto, así como á súa implementación en software estatístico e a realización de estudos de simulación. Traballarase nas tarefas indicadas no proxecto, en coordinación cos bolseiros e outros investigadores e participarase na organización de talleres e reunións científicas asociadas ao proxecto.

As solicitudes formalizaranse a través dunha solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Minho. A solicitude irá acompañada dos seguintes documentos:

- Copia do certificado ou diploma de grao.
- Currículo vitae detallado estruturado de acordo cos puntos do punto 10.
- Proba de experiencia profesional (se corresponde).
- Carta de motivación.
- Cartas de recomendación (dúas).
- Copia das 3 publicacións máis relevantes.
- Calquera outro documento que o solicitante considere relevante.

Os candidatos presentarán a súa solicitude e os correspondentes documentos en formato PDF, por medios electrónicos, á dirección [cbma\\_sec@bio.uminho.pt](mailto:cbma_sec@bio.uminho.pt), antes da data límite para a presentación das solicitudes definidas neste aviso, indicando en "Asunto" a Ref. CTTI-156/19- CBMA (1) ".

Máis información: Contáctese con Raquel Menezes [rmenezes@math.uminho.pt](mailto:rmenezes@math.uminho.pt)